

TFE 2025

CANDELA RAÑAL PARAJÓ

TROMBÓN



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA

RECITAL: 17 de Xuño ás 20:00 no Auditorio Andrés Gaos
EXPOSICIÓN E DEFENSA: 17 de Xuño ás 17.30 na biblioteca

PROGRAMA

PRIMEIRA PARTE

Stjepan Šulek (1914–1986). *Sonata "Vox Gabrieli"* para trombón e piano (1973).

Henri Dutilleux (1916–2013). *Choral, Cadence et Fugato* para trombón e piano (1950).

Ernst Sachse (1813–1870). *Concerto en fa maior* para trombón baixo e orquestra, versión con piano (1884).

DESCANSO

SEGUNDA PARTE

Launy Grøndahl (1886–1960). *Concerto para trombón e orquestra*, versión con piano (1924).

Alexandre Guilmant (1837–1911) / Arranxo de Jean-François Taillard. *Morceau Symphonique*, Op. 88 (1902), arranxo para quinteto de metais e trombón solista. Coa colaboración do quinteto Celanova Brass.

Candela Rañal Parajó, trombón.

Javier Vázquez Grela, piano.

Celanova Brass, quinteto de metais.

Fernando Martínez e Óscar Montes, trompetas.

David Vázquez, trompa.

David Garrido, bombardino.

Samuel Serra, tuba.

PRIMEIRA PARTE.

Stjepan Šulek (1914–1986). *Sonata "Vox Gabrieli"* para trombón e piano (1973).

Composta polo influente músico, director e mestre croata Stjepan Šulek, esta obra converteuse en poucas décadas nun auténtico clásico indiscutible do repertorio para trombón. Dunha estética marcadamente neorromántica, cunha linguaxe de profunda carga emocional e lirismo apaixonado. O seu título evoca de xeito directo a "voz do arcanxo Gabriel", un fío condutor onde o trombón desprega tanto as súas calidades heroicas e maxestosas como o seu lado máis íntimo e relixioso.

Henri Dutilleux (1916–2013). *Choral, Cadence et Fugato* para trombón e piano (1950).

Esta composición sitúase nun momento clave da produción do mestre francés Henri Dutilleux, xusto antes de consolidar o seu recoñecemento internacional definitivo coas súas grandes sinfonías. Foi concibida orixinalmente como un *morceau de concours* (pieza de exame oficial) para as probas finais de graduación dos alumnos do prestixioso Conservatorio de París. Estruturada nas tres seccións que anuncian o título, a obra equilibra a solemnidade modal do coral inicial, a liberdade expresiva e virtuosística da cadenza e o rigor contrapuntístico do fugato final.

Ernst Sachse (1813–1870). *Concerto en fa maior* para trombón baixo e orquestra, versión con piano (1840, publicado postumamente en 1884).

Ernst Sachse, virtuoso trompetista e trombonista na *Hofkapelle* de Weimar (onde colaborou estreitamente con figuras da talla de Franz Liszt e participou na estrea da ópera *Lohengrin* de Wagner), foi un dos grandes impulsores do desenvolvemento solista dos instrumentos de metal no romanticismo. O seu *Concerto en fa maior* destaca por ser unha das primeiras grandes páxinas escritas especificamente para explotar as capacidades do trombón baixo. A peza execútase a través de tres seccións consecutivas que culminan nun brillante grupo de variacións.

DESCANSO.

SEGUNDA PARTE.

Launy Grøndahl (1886–1960). *Concerto para trombón e orquestra*, versión con piano (1924).

Escrito durante unha longa estada do compositor en Italia, o *Concerto* de Grøndahl é considerado por consenso unha das obras máis célebres de todo o repertorio solista para trombón. O compositor e director danés concibiu esta peza inspirase no talento de Vilhelm Aarkrog, quen daquela era o trombón solista da Orquestra da Capela Real de Copenhague. O concerto explota o carácter nobre e a potencia do instrumento ao longo dos seus tres movementos, alternando o dramatismo do primeiro movemento co lirismo nostáxico do segundo e o optimismo exultante do final.

Alexandre Guilmant (1837–1911) / Arranxo de Jean-François Taillard. *Morceau Symphonique*, Op. 88 (1902), arranxo para quinteto de metais e trombón solista. Coa colaboración especial do quinteto Celanova Brass.

Ao igual que a peza de Dutilleux, *Morceau Symphonique* naceu orixinalmente como peza de concurso para o Conservatorio de París, escrita polo soado organista e compositor francés Alexandre Guilmant. A estrutura fúndese nunha transición perfecta que vai dende un *Andante sostenuto*, cara a un *Allegro moderato* de carácter marcial. Para este peche de concerto, a obra adquire unha nova dimensión grazas ao arranxo de Jean-François Taillard, no que o trombón solista dialoga e intégrase na textura camerística do quinteto de metais, neste caso, coa colaboración de Celanova Brass.

BIOGRAFÍA

Candela Rañal inicia os seus estudos musicais á temperá idade de 7 anos no Conservatorio Profesional de Música (CMUS) Xan Viaño de Ferrol, onde cursa os graos elemental e profesional baixo a tutela dos mestres Miguel Pérez Sabater e Carlos Soto Sobrado. Culmina esta etapa académica sendo galardoada co prestixioso Premio Extraordinario de Fin de Grao Profesional.

Ao longo destes anos, complementa a súa formación oficial participando activamente en cursos de perfeccionamento e clases maxistras con destacados mestres de sona internacional, tales como Jon Etterbeek, Juan Sanjuan, Alberto Castelló, Kris Garffit, Stefan Schulz, Andrea Conti, Esteban Méndez e Tomer Maschkowski.

A súa experiencia colectiva é sumamente rica e diversa. No eido coral, formouse nas agrupacións Pequecoro e Pequecoro In Crescendo do CMUS Xan Viaño, participando tamén en clases maxistras da man de Josu Elberdin. No ámbito bandístico, formou parte de numerosas formacións galegas, entre as que destacan a Banda Infantil Sementeira de Narón e a Xove Banda de Narón, a Banda Cultural e Recreativa de As Pontes, a Banda Xuvenil de Celanova e a Banda Municipal de Música de Celanova, as Bandas Sinfónicas Infantil e Xuvenil da Federación de Directores de Banda, e a Banda Sinfónica Galega da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

No curso 2022-2023, accede ao Conservatorio Superior de Música da Coruña para realizar o Grao Superior, estudos que compaxina co grao en Educación Infantil na Universidade da Coruña. Na actualidade, desenvolve paralelamente o seu labor docente como profesora nas escolas de música do CPR Liceo La Paz e na Escola de Música de Celanova.

AGRADECEMENTOS

Gustárame expresar o meu máis profundo agradecemento a todas as persoas que fixeron posible esta viaxe:

Ás miñas mestras e mestres, grazas por confiar en min e por guiarme ao longo desta andaina de 14 anos, en especial a Joe, Juanlu, Catuxa, Alexandra e Hermitas, a vosa didáctica forma parte de cada nota.

Á miña familia, por apostar por min dende o primeiro momento, por acompañarme en cada paso e por ser o meu gran alento e motor neste proceso de 14 anos.

A David, por estar sempre aí, e non permitir en ningún momento que me afundise.

A Lucía e Mónica, por sosterme, comprenderme e aturarme.

Aos meus alumnos e alumnas, a todas e todos os nenos que me teñen chamando "profe". Vós sodes a miña maior motivación e alegría.

A todas as persoas maravillosas coas que tiveron a fortuna de compartir camiño durante máis ou menos tempo ao longo destes anos porque un anaquiño de vós forma parte de min.

Ao Quinteto Celanova Brass, grazas de corazón por acompañarme en parte desta viaxe e, de xeito moi especial, neste concerto de peche final. Sodes, ademais de grandes músicos, todo un exemplo a seguir.